

UNIDADE DIDÁTICA 2

A GRECIA ANTIGA. XEOGRAFÍA E CRONOLOXÍA

2.1. Xeografía da Grecia antiga

2.1.1. A Grecia continental:

2.1.1.1. Grecia septentrional: Tesalia, Macedonia

2.1.1.2. Grecia central: Ática

2.1.1.3. Grecia meridional: o Peloponeso

2.1.2. A Grecia insular:

2.1.2.1. Xonia

2.1.2.2. O mar Exeo

2.1.2.3. Creta

2.1.3. A Magna Grecia

2.1.3.1. Sicília

2.1.3.2. Italia meridional

2.1.4. O Mundo Helenístico e outros enclaves gregos no

Mediterráneo: Massalia, Emporion, Gaes, Malaca, Alexandria


MAPA 1





<http://www.historiang.com/articulo.jsp?id=464244>

MAPA 3



MAPA 4



NOTAS E ACTIVIDADES

1. Axudándote da presentación *Visións do mundo grego (Xeografía)*, localiza e sinala no Mapa 1 as seguintes cidades:

Micenas, Delfos, Atenas, Halicarnaso, Mileto, Cnosos,
Alexandría, Troia, Esparta, Olimpia, Pérgamo



2. Fíxate nos Mapa 2 e 3 e busca información para responder as seguintes cuestións:

- a) Cal é a etimoloxía do nome da cidade actual de Nápoles?
- b) Que é un sibarita? De onde procede a palabra?
- c) Cantas cidades fundou Alexandre Magno co seu nome?

PARA LEMBRAR

1. Debes saber situar nun mapa as rexións ou zonas do mundo grego antigo que aparecen no esquema inicial da presente Unidade Didáctica (páx. 13)

2. O mesmo debes poder facer coas seguintes cidades: Cnosos, Troia, Micenas, Esparta, Atenas, Delfos, Mileto, Olimpia, Alexandría e Nápoles.

2.2. Cronoloxía da Grecia antiga

2.2.1. O mundo minoico

2.2.1.1. Creta e o rei Minos: a lenda e a súa posible orixe

2.2.2. O mundo micénico

2.2.2.1. Micenas, unha cidade saída dos versos de Homero

2.2.3. A Idade Escura: aínda un enigma

2.2.4. A Idade Arcaica

2.2.4.1. A colonización do Mediterráneo

2.2.4.2. Consecuencias do poderío económico: a consolidación do pensamento racional

2.2.5. A Idade Clásica: o Século de Pericles (V a. C.)

2.2.5.1. As Guerras Médicas e a Liga Délica

2.2.5.2. Pericles e o esplendor de Atenas: a democracia

2.2.5.3. A Guerra do Peloponeso e a decadencia de Atenas

2.2.6. A Idade Helenística

2.2.6.1. O ascenso de Macedonia: Alexandre Magno

2.2.6.2. A integración no mundo romano

NOTAS E ACTIVIDADES

1. Busca información sobre a lenda do rei Minos, relacionada coa illa de Creta. Deberás expoñer brevemente na clase o que atopas. Logo das exposicións, chegaremos a unha redacción consensuada, que deberás anotar aquí.

PARA LEMBRAR

1. Debes coñecer e saber expoñer por escrito a lenda do rei Minos.

2. Debes saber situar cada período da Historia de Grecia. Para iso, retén os datos cronolóxicos fundamentais, tal como aparecen nesta táboa. Lembra que podes axudarte da presentación *Historia de Grecia*:



CRONOLOXÍA	CENTRO DE ATENCIÓN	FEITOS IMPORTANTES	FORMA POLÍTICA
2200-1600 a. C.	Creta	Comercio con Exipto e co Mar Exeo Conquista de Creta polos micénicos	Monarquía
1600-1100 a. C.	Micenas e o Peloponeso	Guerra de Troia (gregos contra troianos, con vitoria grega) e invasións doriaas (desaparición dos micénicos)	Monarquía
IDADE ESCURA (1100-750 a. C.)			
IDADE ARCAICA (750-580 a. C.)		Colonización do Mediterráneo	<i>Polis</i> Oligarquía e tiranía
IDADE CLÁSICA (580-336 a. C.)	Atenas	490-479: Dúas Guerras Médicas (gregos contra persas, con vitoria dos gregos) e formación da Liga Délica (asociación de <i>poleis</i> con hexemonía de Atenas)	<i>Polis</i> Democracia e oligarquía
	Esparta	431-404: Guerra do Peloponeso (Atenas contra Esparta, con vitoria de Esparta)	
	Tebas	371-362: Guerra entre Tebas e Esparta (vitoria de Tebas)	
IDADE HELENÍSTICA (336-27 a. C.)	Macedonia	336-323: Conquistas de Alexandre Magno	Monarquía
	Grecia	197-27: Conquista romana de Grecia	Provincia romana